

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE AGOSTO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:35 horas do día 27 de agosto de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8 e 9)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 9 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta do 14 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 22 de agosto de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:20	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB47-C3D2B8-EF2F2H-VPQPYJ-3AGW64-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 22 de agosto de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras o 7 de agosto de 2018:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:20	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB47-C3D2B8-EF2F2H-VPQPYJ-3AGW64-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

"acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	91,60
2	UTE PRECE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-OGMIOS PROYECTO, S.L.	91,11
3	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	86,74
4	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.	86,00
5	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	80,51
6	PRADO LAMEIRO, S.L.	80,02
7	COPCISA, S.A.	75,98
8	ORECO, S.A.	66,82
9	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	56,48

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., o día 14 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 13 de xullo e 7 de agosto de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441) por un prezo total de 1.847.908,47 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 320.711,39 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:20	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AB47-C3D2B8-EF2F2H-VPQPYJ-3AGW64-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		